

NO DESERTO, UN ENCONTRO MOI ESPECIAL CON ANA ROMANÍ

Miguel Sande

Hoxe estou un pouco perdido. Son as nove e media da noite e agardo diante dun tanatorio; o farol acéndese e apágase e escribo así, aproveitando os momentos de luz. Saben, ás veces pregúntome que fago falándolles de poesía neste rincón de certo privilexio; non sei, a min gústame, é unha maneira de ver a vida.

Sei que hoxe as palabras que se impoñen son as de economía, pero só para sabérmonos máis pobres, e as das novas tecnoloxías. Eu, que me criei cunha das primeiras centraliñas de Telefónica no comedor, tamén aproveito os avances tecnolóxicos para me comunicar e facerlles chegar á vez estas liñas; recibo medio cento de correos



POESÍA

«Estremas»

Ana Romaní.

Editorial

Galaxia.

65 páxinas.

ao meu enderezo electrónico cada día, créanme, pero non sei como se chama a pequena que está a chorar ao outro lado da parede. Toda esta vangarda tamén contribúe á vez a afondar máis na soidade dun ao cabo; miren senón. Como unha barrena nun pozo.

Ese momento dende que apagamos o ordenador ata que chegamos ao centro comercial é, pode selo, de auténtico baleiro.

Para min que a poesía é hoxe aínda máis necesaria, pero unha poesía comprometida, que pise a rúa, que saiba da desesperación dese veciño que unha destas mañás veu pedir empréstados 40 euros —nada máis marchar os seus pequenos ao colexio— para poder chegar ao final do mes. Fálolles de xaneiro. Da miña porta.

Este sábado o encontro coa poesía é especialmente grato. É no deserto. Saberán algúns que para min o deserto é un territorio moi especial; sobre todo, íntimo. O deserto, esa nada inmensa que é o deserto, dá forza. En ningún momento sentes a soidade; a soidade, a que doe, a de verdade, séntela despois no medio da cidade.

Eu sei do deserto de Tunicia

e Alxeria. Ana Romaní lévanos en *Estremas* a Uadi al Hitan e á paisaxe exipcia. Xa dixen que o deserto dá forza, Ana Romaní convértea en furia, pulo, rabia. Con infinitivos. Coma pedras. Con esa convicción ergue o poema entre as dunas, nun val que antano foi océano seica e hoxe é só area. Deserto. Pero os abismos son os do corpo. Así é que inicia a busca; vai e lévanos, a linguaxe ten iso e a súa é unha poesía madura e é quen de facer con esas sensacións todas unha revolta, si, pola identidade. A propia.

Un libro moi especial, como digo, alomenos para min. Que queren que lles diga. Agradécese esa forza e esa reivindicación, de verdade, fronte a unha poesía triste e resignada.